



Concello de Portomarín

Expediente N.º: 290/2017

Procedemento: ADXUDICACION PROCEDEMENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE LEÓN, LAMAS E VILAPROI, cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – AGADER), (Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais – D.O.G. nº102 de 3105/2017).

Vista a Resolución da alcaldía de data 10-04-2018 que di:

ADXUDICACION PROCEDEMENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS AOS NÚCLEOS DE LEÓN, LAMAS E VILAPROI, cofinanciadas pola Xunta de Galicia (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – AGADER), (Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais – D.O.G. nº102 de 3105/2017).

Por medio da presente, e en cumprimento do prego de condicións, e visto que existe un erro nos criterios de adxudicación xa que non aparece o criterio do prezo, o cal debe aparecer, necesariamente, cunha ponderación mínima do 50 % respecto do total.

Por medio da presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a Resolución da Alcaldía nº2018-0067 de data 09-04-2018.

SEGUNDO.- Advertidas omisións no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por a **Xunta de Goberno Local**, procede modificar o devandito Prego por non adaptarse o mesmo á Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 e en particular ao seu artigo 11.

TERCEIRO.- Incluír polo tanto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e dentro dos criterios de adxudicación do contrato, o criterio relativo ao prezo, e necesariamente cunha ponderación mínima do 50% respecto do total.

CUARTO.- Deixar sen efectos a convocatoria de constitución da Mesa de Contratación a celebrar o día 10 de abril de 2018, e tendo en conta o exposto no resolvo segundo, dando publicidade da presente resolución na páxina web da entidade e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

QUINTO.- Proceder á modificación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo órgano de contratación competente (Xunta de Goberno Local), na súa vindeira reunión a celebrar e proseguir a continuación co procedemento de adxudicación do contrato.

Por medio da presente, publíquese a mesma.

Documento asinado electronicamente a marxe da páxina